

Primaria

Lingua 3

Programación

Unidade 1

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Primeiro día... para todos

Descrición da unidade

Esta primeira unidade repasa contidos do curso anterior e introdúcese paseniño neste novo que comeza. Para iso, o campo semántico que se elixiu como eixe vertebrador é a escola. Trabállanse, ademáis, conceptos gramaticais e ortográficos, como as letras e as palabras e o uso do punto e da maiúscula. Así mesmo, desenvólvese a expresión oral e escrita, a través de situacións coloquiais e de textos literarios.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido á escola.
- Nome das letras e a súa orde alfabética.
- Uso do punto.
- Uso da maiúscula ao comezo dun escrito, detrás de punto e nos nomes propios.
- Fórmulas de cortesía para saudar e presentarse.
- Características dos textos literarios que os diferencian doutro tipo de textos.
- Aspectos propios da nosa cultura.

Temporalización:

Setembro:

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico referido á escola.
- Saber o nome das letras e ordenalas alfabeticamente.
- Empregar correctamente o punto.
- Utilizar a maiúscula ao comezo dun escrito, detrás de punto e nos nomes propios.
- Diferenciar un texto literario doutro tipo de textos.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dunha narración. • Adquisición de novo vocabulario referido á escola e coñecemento do abecedario. • Identificación das letras e formación de palabras. • Utilización do punto e a maiúscula. • Utilización de fórmulas de saúdo e cortesía. • Identificación dos textos literarios fronte a outro tipo de textos. • Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: a vendima. 	1. escoitar textos orais e recoñecer a variación dialectal na fala.	1.1. escoita textos orais atentamente. 1.2. identifica a variación dialectal no uso oral da lingua.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido á escola e coñecer as letras que conforman o alfabeto galego.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico da escola e palabras novas. 3.2. Coñece o abecedario, os dígrafos e ordena series de palabras alfabeticamente.
	4. Formar palabras con letras e identificar palabras.	4.1. Ordena letras e escribe palabras. 4.2. Identifica e separa palabras.
	5. Ler e escribir atendendo ás normas ortográficas sobre o punto e a maiúscula.	5.1. Utiliza correctamente o punto para marcar as pausas. 5.2. Aplica a maiúscula nos casos traballados.
	6. Facer presentacións, e utilizar fórmulas de saúdo e cortesía.	6.1. Presenta a alguén e usa correctamente fórmulas de saúdo e de cortesía.
	7. Distinguir os textos literarios dos non literarios.	7.1. Diferencia texto literario e non literario e discrimina entre poema, conto e teatro.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
1.2. Identifica a variación dialectal no uso oral da lingua.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA. • Texto do «Escoito e falo» na PD.
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 1 de ampliación dos RF. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividades propostas na PD.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico da escola e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
3.2. Coñece o abecedario, os dígrafos e ordena series de palabras alfabeticamente.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades 1 e 2 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Ordena letras e escribe palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 3 de reforzo dos RF.
4.2. Identifica e separa palabras.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD.
5.1. Utiliza correctamente o punto para marcar as pausas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 5 de reforzo dos RF. • CD-Audio do LA (ditado). • Actividades propostas na PD.
5.2. Aplica a maiúscula nos casos traballados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades 5 e 6 de reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF. • CD-Audio do LA (ditado). • Actividades propostas na PD.

6.1. Presenta a alguén e usa correctamente fórmulas de saúdo e de cortesía.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Propostas de aprendizaxe cooperativa na PD.
7.1. Diferencia texto literario e non literario e discrimina entre poema, conto e teatro.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Actividade 7 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.• Actividades propostas na PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Entender o contexto sociocultural da lingua para un mellor uso da mesma.	É consciente da variedade da lingua na fala, debido a diversos factores, e recoñece a variedade estándar como a normativa.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Saúda e preséntase utilizando as fórmulas adecuadas.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Identificar e manipular elementos matemáticos en situacións cotiás.	Utiliza códigos numéricos para resolver actividades.
	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica, así como mensaxes cifradas.

<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa as súas ideas de maneira razoada.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Participa activamente para integrarse no grupo.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa.	Participa con interese nas actividades de grupo.
	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia.	Adopta unha actitude conciliadora para unha mellor convivencia.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a tolerancia e a xenerosidade, e rexeita calquera actitude discriminatoria ou ofensiva.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta e traballar en grupo, e esforzase por superar as dificultades.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese pola literatura popular e por coñecer outros aspectos da cultura propia.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o conto no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e dos RF.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido á escola no LA e co apoio do dicionario.
- Presentamos o abecedario e a orde alfabética.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos a ordenar letras e a formar palabras no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos o uso do punto e da maiúscula no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos fórmulas de saúde e cortesía no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos a recoñecer textos literarios no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recopilamos as actividades para o portfolio do alumno.
- Completamos con actividades da PD.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA e coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Nesta primeira unidade, os alumnos repasarán algúns contidos xa estudados no curso anterior.
- Será importante fixar desde o principio hábitos de traballo, como copiar os textos con atención e limpeza, respectar as marxes, subliñar con regra, repasar o escrito, etc.
- Aproveitarase para falar sobre a experiencia persoal dos rapaces e rapazas nestes primeiros días de clase.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- A caixa dos contos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Paula Carballeira: *Boas noites*, Edicións Xerais, col. Biblioteca Dramática Galega.
 - Xosé Neira Vilas: *Espantallo amigo*, Ed. Galaxia, col. Árbore.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
 - No catálogo de Edicións Xerais (<http://www.xerais.es/catalogo.php>) atopará máis lecturas para traballar na aula ou para recomendarlles aos alumnos e alumnas que lean na casa.
 - Tamén, na Biblioteca Infantil e Xuvenil: <http://www.felix.org/home.html>
 - Suxerimos, así mesmo, o catálogo da Biblioteca Virtual Galega: <http://bvg.udc.es/index.jsp>
 - Na páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta pode atopar xogos educativos e populares en galego: http://www.xunta.es/linguagalega/xogos_educativos_na_rede

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación inicial.

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?